

# II certame de caligramas

## "Constanza de Castro".

O cal couto é o seu signo de Santiago do dito lugar, e cerca do

En tempos de Raiñas e Reis, na comarca chairega de Cospeito, na parroquia de San Martiño de Pino, no Coto do Mato, vivía unha doncela filla de Señor na torre de Vilaxoán (chamada Caldaloba), unha doncela de gran beleza de ollos azuis, cabelo escuro e pel moi branca que lucía a cotío fermosos vestidos de liño con moitos bordados. A doncela estaba namorada dun ferreiro do pobo, un plebeo que acostumaba tamén a amenizar de gaiteiro os banquetes que se festexaban no castelo. Tralos festíns, e cando podían, soían quedar baixo unha gran árbore nos arredores do castelo, o "pino grande" lle soían chamar polos arredores. Co tempo, quixeron casar, pero sabían que o pai da doncela rexeitaría tal acordo, polo que, tras sospeitar deles, acordou nos próximos banquetes convidar os nobres das comarcas veciñas para tentar a man da fermosa doncela. Un día, un dos nobres que fora rexeitado pola doncela de Vilaxoán, de viaxe ao castelo, atopou os dous namorados baixo o "pino grande", onde ante o asombro e desagrado de tal feito, maldiciu a doncela con ferozes palabras: "Malnacida!! Oxalá tornes nunha loba

meu castelo de Vila Iohan, e os outros son Riba de Miño en terra e comarcas de Saavedra

Vila Iohan  
Vila Joan  
Sanctus Martinus de Pino  
Villa Johanne

E se porventura eu, ou alguén por min, aquí en diante usara ou posuira os ditos coutos e lugares de algunha maneira coñeço e outorgo que o uso e posesión por vos, a dita Dona Sancha, é en voso nome precario. Outro si prometo e outorgo de non ir nin revocar nalgún tempo a dita doazón e agasallo que así vos dou, nin parte dela.

miña sobriña, muller de Alfonso López de Saavedra, o couto de Felmil con todos os outros bens e herdanzas e freguesias, e coutos e señoríos

e con todo o señorío alto e baixo e lugares e posesións meros e misticos, segundo que de dereito pertencen e debe pertencer o señorío dos ditos coutos

O cal couto é o seu signo de Santiago do dito lugar, e cerca do meu castelo de Vila Iohan, e os outros son Riba de Miño en terra e comarcas de Saavedra

Esta doazón e agasallo e vos dou e outorgo, como dito é, porque sodes miña sobriña, filla de miña irmá, e me servistes e andastes polo meu mandato

e en aquela maneira e polas condicións e cada unha delas que se conteñen na carta e privilexio porque me deu e entregou a min meu señor o Rei Don Enrique, que Deus o mantenga moitos tempos e bos

ORGANIZA



ASOCIACIÓN RECREATIVA E CULTURAL DE SAN MARTIÑO DE PINO

COLABORAN



www.caldaloba.es



# Bases do II certame de caligramas "Constanza de Castro".

A Asociación Cultural de Pino, en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba.es, convocan o II Certame de Caligramas "Constanza De Castro", co fin de reivindicar a relevancia histórica e cultural deste emblema da Chaira, ademais de promover a creación artística, de acordo ás seguintes

## **BASES**

- 1.** Poderán participar todas as persoas maiores de 12 anos cunha ÚNICA obra.
- 2.** Os caligramas serán de formato e temática libres, en galego. A realización dos mesmos será á man ou por medios dixitais no tamaño A4 sen ningunha identificación da súa autoría
- 3.** O prazo de envío das obras comeza o 28 de abril de 2022 e remata ás 23:59 horas do 24 de setembro de 2022.
- 4.** Dito envío farase ao seguinte enderezo electrónico [asociacionpino@gmail.com](mailto:asociacionpino@gmail.com), mediante dous arquivos: o primeiro conterá o debuxo escaneado en formato imaxe JPG, PNG ou de arquivo PDF cunha resolución maior de 200 ppp. e denominarase co título da obra. No segundo arquivo, en formato PDF, irán os datos da persoa participante (Nome completo, Idade, domicilio, teléfono e enderezo electrónico) e denominarase PLICA e TÍTULO DA OBRA. Ademais os menores de idade deberán engadir no envío unha autorización conforme a protección de datos, modelo que dispón a Asociación R.C. de San Martiño de Pino. Só se abrirán as plicas dos traballos premiados. Conforme á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos serán tratados de forma confidencial.
- 5.** Establécense os seguintes premios:
  1. Primeiro premio: Diploma e 200 €.
  2. Segundo premio: Diploma e 100 €.As persoas premiadas serán convocadas ao acto de entrega de premios nunha data da que se informará no seu momento e que terán lugar dentro dos actos de celebración do II Magosto Cal da Loba.
- 6.** O xurado será designado polas entidades convocantes do certame e que se fará público o día do fallo previsto para o 8 de outubro de 2022. O fallo comunicaráselles ás persoas premiadas directamente, e publicarase na web e redes sociais das entidades convocantes. O xurado poderá declarar deserto o Certame, así como rexeitar algúns dos traballos que non se axusten ás presentes bases.
- 7.** As obras premiadas no Certame quedarán en propiedade da Asociación Cultural de Pino, reservándose esta, conxuntamente con Culturalia GZ e caldaloba.es, o dereito de exposición e/ou publicación de ditas obras polo medio que considere oportuno. As obras non premiadas serán destruídas do arquivo informático da A.R.C. de Pino.
- 8.** A participación neste Certame implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.
- 9.** Calquera circunstancia que haxa que resolver corresponderá ás entidades convocadoras a competencia para interpretar as presentes bases.